



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 109/2020

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Asunto: Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020 (Prórroga da contratación de persoal)

Entidade concedente: Deputación Provincial de Ourense

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### Antecedentes

1. Con data 16.01.2020 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 12, as Bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020.
2. Con data 17.01.2020, ditouse Resolución de Alcaldía para aprobar a adhesión deste Concello do Pereiro de Aguiar ó Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 euros, segundo establecen os artigos 1º e 3º das referidas bases. (Rexistro electrónico de entrada da Deputación de Ourense núm. 2020002651).
3. O 18.03.2020, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 64, a Resolución nº 2020/2077, do 12 de marzo de 2020, da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense sobre concellos adheridos ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, outorgando ó Concello do Pereiro de Aguiar a subvención solicitada por importe de 20.000,00 €.
4. O 15.05.2020 dítase Resolución desta Alcaldía con núm. 2020 – 0343, resolvendo sobre a contratación de tres (3) “operarios de servizos varios” durante 4 meses, con cargo á subvención recibida do dito Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, por importe de 20.000,00 €.
5. O 13.05.2020, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 108, a modificación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, establecendo literalmente o seguinte:  

“(…)

  - a) As contías das subvencións por concello incrementanse en 20.000 euros.

“(…)

  - b) A ampliación das subvencións para os concellos adheridos ao programa inicial e para a entidade local menor de Berán terá carácter automático a partir do día seguinte ao da aprobación definitiva desta modificación do programa, sen necesidade de que estes realicen trámite ningún.”
6. O 28.05.2020, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 121, a

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 15/09/2020  
HASH: 7b20ead44204873af29edfdae531e896



JORGE MORENO MARTÍN-CALOTO (2 para 2)  
SECRETARIO-INTERVENTOR  
Data de Sinatura: 15/09/2020  
HASH: fa573c5b7340431f6146198bbd688fb1



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0801 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 34SYNELKFXHYPM64R3EMJDPO | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

aprobación definitiva do expediente nº 3/2020 de modificación dos créditos orzamentarios do orzamento do exercicio 2020, mediante baixas por anulacións de créditos, suplementos, concesión de créditos extraordinarios e das bases de execución.

A antedita modificación orzamentaria está vinculada coa ampliación do dito Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, o que habilita o recoñecemento do oportuno dereito sobre o incremento da referida subvención, validando desta maneira o noso compromiso de gasto.

7. O 29.05.2020 dítase Resolución desta Alcaldía con núm. 2020 – 0389, resolvendo sobre a contratación doutros tres (3) “operarios de servizos varios” durante 4 meses, con cargo á ampliación da subvención recibida do dito Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, por importe doutros 20.000,00 €.
8. O 04.06.2020, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 127, a Resolución nº 2020/4240, do 27 de maio de 2020, da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense pola que dispón facer pública a ampliación automática das subvencións prevista no apartado b) do punto 1º) do acordo de modificación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, para os concellos xa adheridos ao programa. Segundo o cal outorgan ó Concello do Pereiro de Aguiar unha ampliación da dita subvención solicitada por importe doutros 20.000,00 €.
9. Á data de finalización da contratación (17 e 30 de setembro de 2020, respectivamente) dos (6) “operarios de servizos varios” contratados durante 4 meses, con cargo á subvención recibida do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, apréciase a imposibilidade de ter finalizada a obra / servizo que constitúe o seu obxecto de contratación “operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)”.
10. Na sesión plenaria do 17.06.2020 queda aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o ano 2020 do Concello do Pereiro de Aguiar.  
Visto o estado de execución presupostaria do noso Orzamento municipal para o ano 2020, segundo a normativa vixente, ao longo do ano, pódense realizar certas modificacións orzamentarias, que adoitan limitarse a reasignar recursos entre diferentes partidas, dotando de flexibilidade a execución do Orzamento municipal e contribuindo a unha xestión eficaz.
11. Con data 23.08.2020 o Departamento de persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a prórroga da contratación de persoal laboral temporal para poder rematar a obra / servizo “operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)”, subvencionada ao abeiro do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020.  
Do recollido no dito Informe, respecto da duración do contrato por obra ou servizo determinado, conclúese que ditos contratos poderán ser prorrogados polo tempo estritamente necesario para finalizar a obra/servizo obxecto do mesmo. Xa que, “a duración do contrato por obra ou servizo determinado será a do tempo esixido para a

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0801 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 34SYNELKHFHXYPM64R3EMJDPO | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

realización da obra ou servizo”.

Advertindo dito Informe, que dita/s prórroga/s non deberán superar en ningún caso o límite máximo de duración dos contratos por obra ou servizo determinado previsto na normativa vixente, para non incorrer na figura dos denominados “contratos en fraude de lei”.

12. O Pleno deste Concello na sesión do día 04.09.2020, reunido en convocatoria extraordinaria, aprobou o expediente de modificación de créditos número 8/2020 (transferencia de crédito) dentro do vixente orzamento municipal, por un importe de 22.386,72 €.
13. Con data 08.09.2020 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) núm. 206, o anuncio da aprobación do expediente de modificación de créditos número 8/2020 (transferencia de crédito), en cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co artigo 169.1, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Cuxo obxecto é expor ó público, polo prazo de 15 días hábiles (do 09 ó 29 de setembro de 2020), na Secretaría – Intervención deste Concello o dito expediente de modificación de créditos, co fin de que durante este prazo os interesados/as poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes ó mesmo.

De conformidade co disposto polos artigos 7, 60, 61 e 77 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; os artigos 9, 26, 27, 44, 63, 70, 82, 133 e 142 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o artigo 3 e 30 do Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100122012017; o artigo 15 e Disposición adicional décimo quinta do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores; o artigo 11 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; o artigo 14.1 Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o artigo 1 das bases que reñen a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021; o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Prorrogar, por un período de (2) dous meses, os contratos de traballo para a obra / servizo “operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)”, formalizados na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ao abeiro do Programa provincial de cooperación cos concellos e coa entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade, correspondente ao exercicio 2020.

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0801 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 34SYNELKFXHYPM4R3EMJDPO | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

**Segundo.-** Formalizar dita prórroga segundo o seguinte detalle:

Nome do traballador/a	DNI	Categoría profesional	Data inicio prórroga	Data fin prórroga	Núm. meses
Jesús Dopazo Fernández	2860	Operario de servizos varios	1-oct.-2020	30-nov.-2020	2
José Antonio Gómez Rodríguez	5800		1-oct.-2020	30-nov.-2020	2
Raquel Pereira Fernández	2776		18-sep.-2020	17-nov.-2020	2
José Antonio Pereira Iglesias	8370		1-oct.-2020	30-nov.-2020	2
José Antonio Rodríguez Gómez	7156		18-sep.-2020	17-nov.-2020	2
José Emilio Vidal Grande	5616		18-sep.-2020	17-nov.-2020	2

**Terceiro.-** Comunicar a prórroga de ditos contratos de traballo por obra ou servizo determinado no modelo oficial previsto para elo (PE/191), en réxime de dedicación a tempo completo e cunha duración de dous (2) meses, para rematar a obra / servizo "operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)".

**Cuarto.-** Suspender a prórroga dos ditos contratos de traballo para a obra / servizo "operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)", formalizados na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, no caso de que durante o prazo de exposición ó público do anuncio da aprobación do expediente de modificación de créditos número 8/2020 (transferencia de crédito), se formulase algunha reclamación ó mesmo polos interesados/as e se estimaran ditas reclamacións polo Pleno do Concello.

**Quinto.-** Sinalar que os custos salariais de seis (6) operarios de servizos varios, para un período de prórroga de 2 meses, para a obra / servizo "operario de servizos varios (limpeza e acondicionamento de espazos públicos)", con cargo ó dito Programa provincial, son en contías mensuais, e en aplicación do convenio colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017, as seguintes (parte proporcional das pagas extras incluída na retribución mensual):







## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	Base de cotización	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)	Indemnización por finalización de contrato temporal	CUSTO BRUTO TOTAL
Jesús Dopazo Fernández	2860	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
José Antonio Gómez Rodríguez	5800	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
Raquel Pereira Fernández	2776	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
José Antonio Pereira Iglesias	8370	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
José Antonio Rodríguez Gómez	7156	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
José Emilio Vidal Grande	5616	10	1.310,61	1.310,61	37,80%	495,41	1.806,02	2	3.612,04	119,08	3.731,12
<b>CUSTO TOTAL</b>			<b>7.863,66</b>	<b>7.863,66</b>		<b>2.972,46</b>	<b>10.836,12</b>		<b>21.672,24</b>	<b>714,48</b>	<b>22.386,72</b>

**Sexto.-** Indicar que a quenda de reserva é a mesma que a recollida na Resolución de Alcaldía número 2020 – 0389 de data 29.05.2020, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021(artigo 15).

**Sétimo.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Oitavo.-** Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Noveno.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018,

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA  
Número: 2020-0801 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 34SYNELKFXHYPM64R3EMJDPO | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0801 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 34SYNELKFXHYP6R3EMJDPQ | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eisPublico | Páxina 6 a 6

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395